

Fronda


Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Nº 108

ano 18

setembro-outubro 2024

O MATADOIRO DE RIBADAVIA NO MARCO DO PENSAMENTO ILUSTRADO DO SÉCULO XVIII



O plano do matadoiro da vila de Ribadavia do ano 1767 é un documento excepcional, non só polo seu estado de conservación e belo trazo, senón pola información que nos lanza respecto da mentalidade da época, os conflitos institucionais, e a planificación e modernización dos núcleos urbanos xurdida do pensamento ilustrado que dominaba o panorama político-social do momento.

O documento vén acompañado de dúas cartas. Unha é do marqués de Piedrabuena, Julián Robiou (intendente de exército e do Reino de Galicia, e corrixidor da Coruña desde 1763), e a outra do conde de Ribadavia, Diego Sarmiento de Mendoza, señor xurisdiccional da vila. En ambas as cartas expónse a necesidade dun matadoiro municipal. Principalmente, por asuntos relacionados coa saúde pública, xa que os cortadores se vían obrigados a sacrificar os animais nas súas casas e refugar os restos en lugares inapropiados, o que xeraba sucidade e terribles cheiros. Piedrabuena destaca tamén a utilidade do matadoiro como almacén seguro de carnes para abastecer os viaxeiros e as tropas que transitasen por este territorio. Menciona tamén que o orzamento do matadoiro é de dez mil reais reais como máximo.

O conde concédelle o permiso á vila para cons-

truír o edificio e propón a súa localización preto do río, non só por espazo, senón por hixiene, xa que así se poden lanzar os residuos para que os leve a corrente, o que reflicte con claridade a importancia que se deu durante o reinado de Carlos III ao saneamento nos núcleos urbanos.

O edificio foi deseñado en dous pisos, seguindo a estrutura típica de calquera matadoiro no século XVIII, cunha estancia para o sacrificio, outra para o desangrado e outra para a preparación da carne. O material era colgado e gardado nun almacén integrado no edificio cuxa refrixeración podía ser, ou non, a adecuada (dependía moito do lugar e da época do ano). A organización do traballo era clara e estaba regulada polo gremio de cortadores da vila, encargados de establecer unha orde xerárquica dentro do edificio.

A día de hoxe, o matadoiro de Ribadavia mantense no mesmo lugar, cun deseño distinto e diferentes remodelacións, como un fósil vivente que conta unha historia silenciosa.

1767. Ribadavia.


Plano do proxecto de matadoiro para a vila de Ribadavia inserido no libro de acordos do Concello de 1767.

Original; papel; tinta sepia; 150 x 190 mm

AHPOu. Concello de Ribadavia, C. 24526/10, fol. 65.

Ribadavia durante o reinado de Carlos III

O reinado de Carlos III (1759-1788) estivo marcado por un forte impulso reformista dentro do despotismo ilustrado, baseado no principio de "todo para o pobo, pero sen o pobo". Entre as súas principais medidas, o monarca impulsou a modernización económica e o saneamento urbano en diversas cidades do reino, con especial atención a Madrid e outros núcleos importantes. Malia iso, estes cambios non afectaron por igual a todas as rexións de España.



Carta do marqués de Piedrabuena na que expón a necesidade de construír un matadoiro municipal en Ribadavia (27/081767). AHPOu, Concello de Ribadavia, C. 24526/10, fol. 68.

A mediados do século XVIII, Ribadavia encontrábase nunha situación de estancamento económico e demográfico. A súa economía viraba ao redor da viticultura e da exportación de viño, cuxos mercados máis importantes eran Inglaterra e Francia, complementada por unha agricultura de subsistencia.

Diversos acontecementos do período agravaron a crise da vila. A Guerra dos Sete Anos (1756-1763) supuxo unha forte mobilización de tropas e un recrutamento masivo que debilitou a man de obra local. A isto sumáronse a crise de 1768 e a prohibición do comercio con Inglaterra en 1779, que golpearon duramente o comercio vinícola. Como consecuencia, moitos habitantes de Ribadavia víronse obrigados a emigrar temporalmente a Castela para traballar na sega, o que freou o seu crecemento económico e social de forma irreversible.

O saneamento urbano e o pensamento ilustrado

A reforma do saneamento urbano foi moi necesaria para mellorar as condicións de vida e a saúde pública nas cidades españolas. Nun contexto de insalubridade urbana, onde a falta de rede de sumidoiros e a acumulación de residuos favorecían a propagación de enfermidades, Carlos III impulsou reformas baseadas no pensamento ilustrado, que promovía a modernización e o benestar social como deber do Estado.

As reformas incluíron a pavimentación de rúas, a instalación de iluminación pública, a mellora da hixiene no espazo urbano e a creación de sistemas de rede de sumidoiros para xestionar as augas residuais. Ademais, a creación de hospitais e a mellora das infraestruturas sanitarias foron esenciais para previr epidemias. Non só resolvían problemas sanitarios, senón que tamén se consolidaba o poder real e se modernizaba o país. O saneamento converteuse nunha ferramenta para mellorar o benestar común e fortalecer o control social, transformando as cidades e vilas españolas en espazos máis saudables e organizados, á vez que proxectaban unha imaxe de modernidade e progreso ao resto de Europa.

Galicia experimentou estas reformas de xeito tardío debido ao seu carácter periférico e ás difíciles comunicacións. As grandes cidades e vilas costeiras si experimentaron unha melloría notable. Con todo, os núcleos máis rurais ou do interior mantiveron unha hixiene deficiente ata o século XIX, aínda que con excepcións, como o caso do matadoiro en Ribadavia.

O impacto da Ilustración na Ribadavia actual

O matadoiro non é o único reflexo da Ilustración en Ribadavia, xa que a vila experimentou transformacións culturais e patrimoniais durante todo o século XVIII. Destaca en 1712, a construción do retable maior do convento de Santo Domingo como primeiro exemplo de materialidade ilustrada, xa que representa o interese polo embelecemento do patrimonio relixioso na vila, adaptándose ás novas modas e ideas do momento. Ribadavia consolidou tamén o seu prestixio como conxunto histórico-artístico, preservando monumentos como o castelo dos Sarmiento, a igrexa de San Domingos e o barrio xudeu. Aínda que non houbo grandes reformas urbanísticas e a vila mantivo a súa estrutura medieval, estes esforzos reflectiron o espírito ilustrado de valorización do patrimonio e a educación a través da historia.

Así, durante este período, a vila mantivo a súa identidade histórica como centro cultural en Galicia, aínda que sen experimentar a modernización nas infraestruturas ou o auxe económico que si se viu noutras localidades do reino.

Texto: Raúl Martínez Barciela. DL O 67/2006; ISSN 2659-3491